

PRESENTACIÓN

A CGT da Coruña, segue a ter memoria, segue lembrando a loita dos que antes que nós trataron de conquistar unha sociedade sen clases, unha sociedade de liberdade e xustiza para todos e todas. Por todo isto, dende a CGT non esquecemos, e seguimos a prender a chama da rebeldía

No intre actual, consideramos necesario e urxente recuperar a reflexión libertaria sobre a educación e lembrar algunhas das experiencias para reivindicalas como métodos e modelos pedagóxicos válidos e eficaces, lembrando as verbas de Ricardo Mella e tratando de levalas á práctica:



“A liberdade se educa coa liberdade, a solidariedade coa solidariedade e a igualdade coa igualdade”.



ORGANIZA:

Simón Bolívar, 89, baixo
15009 A CORUÑA

Teléfono: 981.128.477

Fax: 981.128.477

Correo: coruna@cgtgalicia.org

Webs:

www.cgtgalicia.org

www.cgt.es

www.rojoynegro.info

www.memorialibertaria.org

Blog Memoria Libertaria:

memorialibertariagaliza.blogspot.com/



Exposición e Xornadas sobre Pedagogías Libertarias

Do 20 ao 27 de abril

ORGANIZA:



A CORUÑA

ESCOLA DE
ARTE E
SUPERIOR
DE DISEÑO
PABLO
PICASSO

EASD PP

XORNADAS e EXPOSICIÓN "PEDAGOXÍAS LIBERTARIAS"

PROGRAMA

INAUGURACIÓN DAS XORNADAS. 20 de Abril, ás 19 horas.

CHARLA COLOQUIO SOBRE "A ESCOLA RACIONALISTA NA GALIZA", CON ELISEO FERNÁNDEZ. 22 de Abril, ás 19:00.

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL DE ADOLFO DUFOUR "VIVA LA ESCUELA MODERNA" E CHARLA DEBATE SOBRE "FERRER I GUARDIA E AS PEDAGOXÍAS ANTIAUTORITARIAS", 23 de Abril, ás 19:00.

CLAUSURA DAS XORNADAS. 27 de Abril, ás 19:00.

EXPOSICIÓN ABERTA DE 10 A 14 HORAS E DE 16 A 19 HORAS.

**TÓDOLOS ACTOS TERÁN LUGAR NA ESCOLA DE ARTES "PABLO PICASSO"
Rúa dos Pelamios nº 2
A Coruña.**

A EXPOSICIÓN "PEDAGOXÍAS LIBERTARIAS"

A Exposición consta de 15 paneis, nos que se ofrece un percorrido polas diferentes teorías libertarias sobre educación e se recuperan algunhas das numerosas experiencias que ao longo da historia se levaron a cabo e seguen a se desenvolver. Pódese visitar de maneira virtual en Internet:

<http://www.memorialibertaria.org/pedagogias-libertarias>

Nos últimos tempos, vólvense a oír voces que reclaman aulas máis autoritarias, disciplinadas, competitivas, mercantilizadas e incluso máis relixiosas.


Interesadamente quérese facer pensar que a autoridade dos profesores e profesoras é a varita máxica que solucionará tódolos problemas da educación e da sociedade. Pero se esquece que a escola non é outra cousa que o reflexo da sociedade á que pertence.

Vivimos nunha sociedade na que o afán de lucro, a explotación, as desigualdades sociais e a destrución do planeta son vistos como algo natural e inevitable. Educar

homes e mulleres autónomos, críticos e solidarios pode resultar moi perigoso para os poderes. Por iso hai que sospeitar que todas estas propostas autoritarias o que en verdade procuran non é mellorar a escola, senon mellorar outras cousas ben diferentes.

A pregunta que todos debemos contestar é :

Queremos construír individuos conformistas, consumidores sumisos e traballadores disciplinados ou queremos educar persoas libres, sen medo e solidarias que traten de edificar unha sociedade máis xusta e máis feliz?



PANEIS ESPECÍFICOS SOBRE GALICIA

Dous paneis completan a exposición cunha específica referencia ás experiencias en Galicia.